

Ler para saber

A CIENCIA

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda, Perillo
Horario: 18:30 h



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL

Concello de Oleiros

LER PARA SABER A CIENCIA

21 de maio:

Estamos rodeados de ácidos e bases

con Elena López Prada

"101 grandes experimentos: La ciencia paso a paso", de Neil Ardley

Emocionantes e inofensivos experimentos explicados paso a paso que podes realizar na túa casa. Podes usar obxectos cotiás para descubrir os principios básicos da ciencia. Todo un reto, moi divertido.




"Los niños preguntan, Los Premios Nobel contestan", edición de Bettina Stiekel

Para que serven @s científic@s?, Por que non podo alimentarme só de patacas fritidas?, Por que é azul o ceo?, Que é o aire?, Por que as follas das árbores son verdes?, Canto tempo seguirá xirando a Terra?, estes e outros interrogantes serán respondidos neste interesantísimo libro.

"Atlas básico de física y química", de Jordi Llansana

Obra básica de consulta para coñecer os conceptos fundamentais destas dúas áreas de coñecemento, con ilustracións moi claras e explicacións axeitadas a cada tema. Presenta tamén as aplicacións que atopamos hoxe en día nas actividades máis diversas e que contribuíron ao progreso da humanidade.



"Ciencia mágica" de Alejandra Vallejo-Nágera

"Experimentos asombrosos para genios curiosos": así é como subtitula a autora este libro cheo de experimentos e trucos para pasar momentos do máis divertido: Podes sacar unha moeda da auga sen mollarte?, Sabes escribir mensaxes secretas con tinta invisible?, En especial, visita o capítulo 5: química mágica.




"Experimentos sencillos de química en la cocina", de Glen Vecchione e "Experimentos sencillos de química" de Louis V. Loeschig

Vasos, potas, sal, azúcar, vinagre, ou sexa, materiais do máis común en calquera fogar cos que poderemos montar un auténtico laboratorio caseiro. Para entender mellor as reaccións químicas, coñecer os compoñentes de diferentes substancias e comprender de que está feito o mundo e nós mesmos.

"Maravillas y misterios de la ciencia", de Phillip Clarke, Laura Howell e Sarah Khan

A ciencia é realmente máis asombrosa que a ciencia ficción. Con estupendas fotografías e ilustracións encontraremos explicación a un montón de curiosidades científicas como: Que metal arde ao mollarse?, Que é o plástico?, Que é a materia inversa?, Que é o superfrío?. Este libro dispón de ligazóns a páxinas moi interesantes da Rede onde ampliar a información.



"Experimentos sencillos de física y química" e "Experimentos sencillos con sólidos y líquidos", de Hans Jürgen Press

A química cóntanos que pasa cando a materia se transforma, cando unhas substancias se convarten noutras. Estes dous libros conteñen experimentos amenos e educativos para os que disfrutamos sabendo como funcionan as cousas e por que son como son. Coa axuda dunha persoa maior os proxectos son seguros e doados de facer. Mans á obra!!!



Ler para saber

A CIENCIA

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda, Perillo
Horario: 18:30 h

SMC | **UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
Banco Científico Coruña

Concello de Oleiros
ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL DE CULTURA
www.oleiros.org

"Los científicos y sus locos experimentos" de Mike Goldsmith e "Marie Curie" de Lluís Cugota

Estes dous libros amosan as fascinantes vidas d@s científic@s, a súa verdadeira historia a través das súas libretas perdidas, descubrir os seus experimentos, etc. O segundo dános a coñecer a apaixonante vida de Marie Curie, que entre outros moitos méritos, foi Nobel en Física e en Química e a primeira muller que se doutorou e foi profesora de Ciencias na Universidade da Sorbona.

